A Secretaría do Concello de Frades:

TIPO DE DOCUMENTO	ORGANISMO	RECEPCIÓN	RESUMO	MODIFICACIÓNS ADOPTADAS
INFORME SECTORIAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. AUGAS DE GALICIA	12/09/2012	<ul style="list-style-type: none"> - Solicítase a actualización normativa de diferentes preceptos da Lei de Augas e do RDPH recollidos na normativa do PXOM. - Solicítase contemplar unha distancia mínima das edificacións e peches de parcela ó dominio público hidráulico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Modifícase a normativa do PXOM. - Recóllese a limitación de distancia de 15 m ó DPH para todas as edificacións en solo rústico en ríos catalogados
CONSULTA EMISIÓNS RESIDUOS E RUIDOS	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL. SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL			
CONSULTA DE ESPAZOS PROTEXIDOS	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	23/03/2013	<p>Solicítase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incluír no PXOM a ampliación da Rede Natura 2000 no LIC do río Tambre e darlle o tratamento axeitado. - Incluír os hábitats prioritarios e darlles o tratamento axeitado. - Ter en conta a especie ameazada Tetrax Tetrax. 	<ul style="list-style-type: none"> - Incluírse no PXOM a ampliación do LIC Río Tambre da Rede Natura 2000 e clasifícase como solo rústico de especial protección de espazos naturais. - Incluírse un plano de hábitats prioritarios e non prioritarios outorgándolles a clasificación axeitada. - A zona de aparición da Tetrax Tetrax clasifícase como solo rústico.
CONSULTA	DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA			
CONSULTA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE FACENDA. SECRETARÍA XERAL DO PATRIMONIO	30/07/2012	Informa favorablemente	
CONSULTA	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA. DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	09/08/2012	Remite información sobre os dereitos mineiros existentes no termo municipal de Frades	Recóllese no plano de información urbanística I-21 os dereitos mineiros presentes no concello.
CONSULTA	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE SANIDADE. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE			
CONSULTA	PRESIDENCIA. SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. SECRETARÍA XERAL			
CONSULTA	MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA. XERANCIA REXIONAL DO CATASTRO			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL.			
CONSULTA	DIRECCIÓN XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE			
CONSULTA	DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE			
CONSULTA	MINISTERIO DE DEFENSA. DELEGACIÓN DE DEFENSA NA CORUÑA	03/07/2012	Informa favorablemente	
CONSULTA	CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL. DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS			
CONSULTA	FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA			
CONSULTA	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA			

Asdo.: Carmen Gómez Otero.





de data 09 XAN. 2018

Concello de Frades (A Coruña)



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares
MODIFICACIÓNS ADOPTADAS

TIPO DE DOCUMENTO	ORGANISMO	RECEPCIÓN	RESUMO	MODIFICACIÓNS ADOPTADAS
CONSULTA	ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOSA DA TERRA			
CONSULTA	CÁMARA OFICIAL MINEIRA	27/07/2012	Solicítase - Incluír dentro do PXOM os datos de explotacións que figuran no Censo Catastral Mineiro de Galicia. - Que se inclúa no PXOM a referencia ás actividades mineiras presentes no concello así como a lexislación relativa ó sector.	- Inclúese nos planos de información urbanística un cos dereitos mineiros presentes no concello de Frades. - Inclúese no PXOM a normativa reguladora da actividade mineira.
CONSULTA	COOPERATIVA CENTRAL DE FRADES			
CONSULTA	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS: RÍO MARUZO, OS PASOS, RÍO SAMO, OS LABREGOS DE ABELLÁ, STA. MARÍA DE PAPUCÍN, REXENTE E S. MARTÍN DE FRADES			
CONSULTA	ASOCIACIÓNS CULTURAIAS: O PEDROUZO, CAMPO DA FEIRA, CULTURAL OS REICEIROS, CULTURAL RUTURAL DE AÑÁ E FOLCLÓRICA SEMENTEIRA			
CONSULTA	ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE ORDES			
CONSULTA	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO	09/08/2012	Emite informe favorable.	
CONSULTA	INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	16/05/2014	Indica unha serie de cuestións a ter en conta no documento que se está a tramitar: - Completar a análise da paisaxe que figura no ISA - Indicar no ISA medidas preventivas ou correctoras para mitigar os impactos da ordenación sobre a paisaxe. - Introducir nas ordenanzas de solo rústico condicións de integración paisaxística das construcións. - Introducir na regulación dos plans especiais de ordenación do núcleo rural a obriga de realizar estudos da morfoloxía e características do núcleo ó que se refire. - Modificar certos aspectos da ordenación do solo urbano. - Introducir condicionantes de integración paisaxística na ordenación dos dous sectores de solo urbanizable.	- Modifícase o ISA no referente á realización dun estudo da paisaxe máis detallado. - Recóllense no ISA as medidas preventivas e correctoras para mitigar os impactos da ordenación na paisaxe. - Modifícanse as ordenanzas de solo rústico. - Introdúcense regulacións especiais para os plans de ordenación do núcleo rural. - Modifícase a ordenación do solo urbano. - Introdúcense condicionantes de integración paisaxística no desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.
Asdo.: Carmen Gómez Otero.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio


de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III


Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.


Asdo.: Carmen Gómez Otero.





RESOLUCIÓN DO 28 DE XANEIRO DE 2016 POLA QUE SE FORMULA A MEMORIA
AMBIENTAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE
FRADES

Expediente: 2010AAE0402
Código web: 0871/2009

Con base na proposta de resolución da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- O día 11.11.2010 o Concello de Frades comunicou a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio da tramitación do seu Plan xeral de ordenación municipal (en diante Plan ou PXOM) adaptado á Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, achegando a documentación para elaborar o documento de referencia.
- O 16.11.2010 abriuse un prazo de consulta pública do documento de inicio a través da páxina web da anterior Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que finalizou o 16.12.2010. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas afectadas.
- Tomando como base o documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, o 27.12.2010 emitíuse o documento de referencia (DR) do PXOM, previsto polo artigo 9 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, deixando sen validez o documento de referencia emitido o 07.09.2009.
- O Concello elaborou a proposta de Plan incluíndo o informe de sustentabilidade ambiental (ISA), que foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación Municipal do 03.04.2012. Publicouse o anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 100, do 28.05.2012, e nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* dos días 10.04.2012 e 11.04.2012, realizándose o período de participación pública e consultas polo prazo de dous meses.
- O día 31.12.2015 recíbese nesta Secretaría Xeral a documentación completa do PXOM para aprobación provisional co obxecto de que se formule a memoria ambiental.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto contribuír á integración dos aspectos ambientais en plans e programas para promover un desenvolvemento sustentable. Malia que esta Lei foi derogada pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, as súas determinacións continúan sendo aplicables aos procedementos iniciados antes do 12.12.2014 (disposición transitoria 1ª da Lei 21/2013).
- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), integra o procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido pola Lei 9/2006 no proceso de elaboración e tramitación dos plans xerais de ordenación municipal.

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III



- Segundo o previsto no artigo 85.5 da LOUG, antes de que se aprobe o PXOM corresponde ao órgano ambiental formular a memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta, analizar o proceso de avaliación, o informe de sustentabilidade ambiental e a súa calidade, o resultado das consultas realizadas e como foron tidas en consideración, así como a previsión dos impactos previsibles na aplicación do planeamento. A memoria ambiental ha de conter as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan, ten carácter preceptivo e terase en conta no PXOM antes da súa aprobación definitiva.
- O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Contexto municipal

O municipio de Frades sitúase no centro da provincia de A Coruña, na Comarca de Ordes e abrangue unha **superficie** de 81,6 km². Limita ao norte co municipio de Mesía, ao leste con Boimorto, ao sur con Arzúa, O Pino e Oroso e ao oeste con Ordes.

Trátase dun concello de carácter rural, que conta cunha **poboación** de 2.485 habitantes repartida entre doce parroquias e 77 entidades singulares de poboación (INE de 2014), cunha dinámica demográfica regresiva. A capital municipal é San Mauro, mentres que a casa do Concello atópase no lugar de Cimadevila, sendo Ponte Carreira o núcleo de maior entidade, situado a carón da estrada nacional N-634.

Xeograficamente sitúase no curso alto do río Tambre e presenta un relevo pouco contrastado, cunha lixeira inclinación cara o suroeste, cuxa estrutura territorial sufriu importantes cambios derivados dos procesos de concentración parcelaria realizados. O **sector gandeiro** ten un importante peso na economía municipal, tal e como reflicten os datos da cabana gandeira (14.021 prazas de bovino en 258 explotacións, segundo datos da Consellería de Medio Rural de 2014). Destaca a presenza dunha actividade extractiva a ceo aberto de extracción de cuarzo metalúrxico e áridos.

En canto aos **valores ambientais**, parte da rede hidrográfica do municipio intégrase no espazo denominado "Río Tambre", incluído na Rede Natura 2000 como zona de especial protección (ZEC) e na Rede galega de espazos protexidos, como zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN). Alberga varios humidais identificados no "Inventario de Humidais de Galicia" e diferentes hábitats de interese comunitario que se corresponden principalmente con masas arboradas de frondosas ou formacións de matogueira.

Non conta con ningún instrumento xeral de **ordenación urbanística**, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas subsidiarias de planeamento da provincia da Coruña, aprobadas definitivamente o 4 de marzo de 1991. Dispón dunha delimitación de solo de núcleo rural de A Fraga na parroquia de Santaia de Moar, aprobada definitivamente o 03.12.2012.

2. Descrición da proposta

A proposta de ordenación do PXOM achegada para aprobación provisional delimita o núcleo de Ponte Carreira como **solo urbano** e o resto de núcleos como **solo de núcleo rural**. Dos 120 núcleos delimitados, 71 intégranse na categoría común, 44 na de complexo e 15 na de histórico-tradicional.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 19 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.





En canto ao desenvolvementos, propóñense dous ámbitos de **solo urbanizable delimitado** de uso industrial:

- O **sector S-01**, de 62.215 m², situado na parroquia de Abellá, lindeiro co núcleo de Vedral. Trátase dunha actuación para acoller empresas de suministros agropecuarios que, a día de hoxe, se desenvolven en solo rústico, ofrecendo a posibilidade de implantación de novas empresas vinculadas á actividade agrogandeira, aproveitando a súa localización lindeira coa cooperativa central de Frades con acceso á estrada AC-524 e próxima á autoestrada AP-9.
- O **sector S-02**, de maior superficie, 224.156 m², localízase ao norte do núcleo de Ponte Carreira, no lugar de O Cadaval, nas parroquias de Ledoira e Vitre, paralelo á estrada N-364. Preténdese ordenar e regularizar uns terreos onde se localizan varias naves e un establecemento de hostelería e acoller novas actividades.

O resto da superficie municipal quedaría clasificada nas diferentes categorías de **solo rústico**, de protección ordinaria na que se inclúe a actividade extractiva existente, e de especial protección forestal, agropecuario, espazos naturais, de patrimonio, augas ou infraestruturas, atendo a os seus valores ou características.

O PXOM prevé actuacións para a mellora das **dotacións do sistema xeral**, como a ampliación da EDAR de Ponte Carreira (SRX-04) ou a implantación de dous novas EDAR (SRX-03 e SRX-05) asociadas ao desenvolvemento dos urbanizables S-01 e S-02, que se programan para o primeiro e segundo quinquenio. Así mesmo, contempla a creación de novas **zonas verdes e espazos libres**, como a ampliación da área recreativa de Ponte Carreira no Tambre (ZVX-02), a creación do parque de Abellá en Vedral (ZVX-03), adscrito ao desenvolvemento do S-01, e a integración da Carballeira de Cimadevila dentro do sistema de zonas verdes (ZVX-04), derivadas ao segundo, terceiro e cuarto quinquenio do Plan.

En canto á **capacidade residencial**, para un horizonte temporal de 20 anos, o PXOM prevé unha capacidade residencial no solo urbano de 77.221 m², que permitiría acoller 163 novas vivendas. A normativa urbanística establece tres ordenanzas atendendo á tipoloxía de vivenda prevista, diferenciando entre residencial colectiva en edificación aberta ou mazá pechada (zona 1), residencial unifamiliar adosada (zona 2) e residencial unifamiliar illada ou pareada (zona 3). No solo de núcleo rural a capacidade residencial sería de 192.300 m², permitindo construír 293 novas vivendas.

Na táboa seguinte, extraída do apartado 3.3.1 da *Memoria de ordenación*, recóllese un resumo das superficies ocupadas polas diferentes clases e categorías do solo:

Clase de solo	Superficie (ha)	%
Solo urbano	14,97	0,18
Solo urbanizable delimitado	28,64	0,35
Solo de núcleo rural	322,68	4,07
Solo rústico		
- Protección Ordinaria	61,65	0,75
- Protección Agropecuaria	4.258,78	52,11
- Protección Forestal	2.361,96	28,90
- Protección de Augas	874,96	10,70
- Protección de Espazos Naturais	108,15	1,32

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



Lucía Linares Varela

Clase de solo	Superficie (ha)	%
- Protección do Patrimonio	39,51	0,48
- Protección de Infraestruturas	108,15	1,32
Total	8.137,27	100,00 %

3. Análise do proceso de avaliación ambiental

3.1. Resultados da fase de información pública e consulta ás administracións públicas afectadas

Tras a aprobación inicial do Plan, este someteuse a información pública e consulta das administracións públicas afectadas e do público interesado sinalado no documento de referencia.

Os informes emitidos polas **administracións consultadas** teñen sentido favorable, condicionados nalgúns casos á integración de cambios de carácter documental ou normativo que non implican modificacións significativas na ordenación proposta (ver anexo I).

O PXOM integra un informe no que xustifica a integración dos informes recibidos. Con respecto aos **aspectos de carácter ambiental**, Augas de Galicia informou favorablemente en canto á dispoñibilidade de recursos e a suficiencia das infraestruturas de saneamento, se ben solicitaba ter en conta unhas consideracións relacionadas coa protección da rede hídrica. O Instituto de Estudos do Territorio, solicitou completar o estudo da paisaxe, establecer medidas de protección e integración paisaxística na Normativa do Plan ou revisar a delimitación dos núcleos rurais ou do solo urbano. Ditas cuestións foron integradas parcialmente, xa que na Normativa incluíronse condicións para a integración paisaxística das actuacións pero non se completou o estudo realizado co detalle requirido ou non xustificou a delimitación do solo urbano ou de núcleo rural. Pola súa parte, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza informou dos valores naturais do municipio, solicitou a consideración da proposta de ampliación da Rede Natura 2000, dos hábitats de interese comunitario ou das especies ameazadas presentes no municipio. Ditas cuestións foron integradas parcialmente, xa que se ben se incluíu dentro do solo rústico de especial protección de espazos naturais a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 ou se completou a cartografía, non se estableceron medidas específicas para favorecer a conservación dos hábitats ou especies de interese sinaladas.

Respecto ás **afeccións ás infraestruturas** viarias, a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia ou a Axencia Galega de Infraestruturas realizaron algunhas consideracións sobre os enlaces dos sectores urbanizables coas estradas da súa competencia.

Durante a fase de información pública do PXOM, recibíronse 456 **alegacións**. Segundo o informe do Concello, 300 foron estimadas, 85 parcialmente estimadas e as 88 restantes desestimadas.

A maior parte correspóndense con observacións feitas por particulares que solicitan o cambio da clasificación de parcelas de solo de protección agropecuaria a forestal, modificacións nas delimitacións do solo de núcleo rural ou urbano ou, nalgúns casos, a revisión da delimitación de camiños ou parcelas, ou do límite do termo municipal, as cales foron integradas na súa maior parte. Por outra banda, varios alegantes, entre eles, o Sindicato labrego galego, requiren que se incorpore a prohibición de cultivos enerxéticos para obtención de biomasa, a regulación distancias nas plantacións ou o establecemento de prazos de corta das plantacións forestais existentes en solo rústico de especial protección agropecuaria, as cales foron na súa maior parte atendidas. A empresa subministradora de enerxía eléctrica (Unión Fenosa) solicitou correccións á normativa do Plan ou a Cámara Oficial Mineira Galega solicitou a consideración da normativa mineira e das potencialidades xeolóxico-mineiras.





Como resultado deste proceso de participación pública e de consultas, e de acordo á documentación achegada, obsérvase que se levaron a cabo algunhas **modificacións na ordenación proposta** sometida a información pública, aínda que non significativas, entre as que cómpre mencionar as seguintes:

- Amplíase a superficie do solo urbanizable industrial S-02, incrementase en 26.021 m².
- Redelimitáanse varios núcleos e o solo urbano, de maneira que a superficie total incrementase lixeiramente.
- Modifícase a delimitación dos solos rústicos, especialmente o de especial protección forestal que incrementa a súa superficie (pasa de representar o 16,7% da superficie municipal ao 28,9%), mentres que o solo rústico de especial protección agrícola redúcese. Tamén amplíase a delimitación do solo rústico de especial protección de espazos naturais, incluíndo a proposta de ampliación do espazo natural do "Río Tambre".

3.2. Valoración sobre a calidade do informe de sustentabilidade ambiental (ISA)

O ISA do PXOM de Frades correspóndese coa versión modificada tras a fase de información pública e integra parte das observacións sinaladas pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental no informe sobre a calidade do ISA emitido. Tendo en conta que transcorreron máis de tres anos dende a emisión do documento de referencia, procede valorar a súa vixencia, para dar cumprimento ao artigo 85.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

O documento recolle as principais **características** do municipio e problemas ambientais. Sinalar que nesta análise, non se tiveron en conta, algunhas das consideracións do órgano ambiental respecto do tratamento dos valores naturais, paisaxísticos ou dos riscos ou non se incorporou a información aportada no informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza respecto dos hábitats de interese comunitario ou das especies ameazadas. Identifícanse os **plans e programas** que inciden no territorio, entre os que unicamente se inclúen as DOT ou o Plan director da Rede Natura 2000. Bótase en falta a consideración doutros instrumentos con interacción, como os relacionados coa planificación hidrolóxica, cos residuos ou coas actividades económicas, sinalados no citado informe de calidade do ISA.

Establece os **obxectivos ambientais** e unha serie de criterios específicos, sinalando os de carácter ambiental. Describe e valora as **alternativas** formuladas para o desenvolvemento do Plan, incluíndo a consideración da alternativa cero. As alternativas difiren entre considerar actuacións de desenvolvemento residencial exteriores ao núcleo de Ponte Carreira, restrinxindo o solo urbano e os núcleos rurais fronte a reforzar a centralidade da vila e fixación da residenciais nos núcleos rurais tradicionais, mantendo en ambos casos o desenvolvemento industrial como estratexia do Concello. Atendendo á importancia deste apartado, bótase en falta, unha maior xustificación da súa necesidade dos desenvolvementos urbanísticos e análise doutras posibles localizacións no ámbito do Concello.

Atendendo á proposta seleccionada, realízase unha **valoración dos seus efectos** sobre as diferentes variables de sustentabilidade sinaladas no documento de referencia. A valoración non afonda nas características de cada solo, nin valora as posibles afeccións aos valores naturais, tendo en conta as observacións sinaladas pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza no informe emitido. Establece as **medidas previstas** para minimizar os posibles efectos, diferenciando entre criterios de deseño, revisións e análises, controis de proxectos, obras ou actividades.

Inclúe o **plan de seguimento** do Plan para o que establece os indicadores obxecto de seguimento organizados por variables, pero non inclúen os datos de partida. Considera a elaboración de informes que serán remitidos ao órgano ambiental cunha periodicidade quinquenal.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



Lucía Linares Yáñez



Por último, inclúe unha **análise da viabilidade económica** na que expón o investimento do Concello para desenvolvemento do planeamento e unha **análise de coherencia**, segundo a metodoloxía da análise de compatibilidade estratéxica das DOT.

Sinalar que en diferentes apartados do documento alude por erro a outros concellos, cita normativa ambiental que se atopa derogada ou as superficies de solo que non se axustan ás incluídas na proposta definitiva do PXOM, así mesmo na valoración dos efectos fai referencia a dous asentamentos residenciais programados (S-03 e S-04) que non se atopan incluídos na proposta achegada.

4. Análise da integración das variables ambientais e da sustentabilidade do plan

A continuación avaliase a integración dos criterios ambientais no planeamento para cada unha das variables afectadas, establecéndose as consideracións necesarias, as cales derivan, no seu caso, en determinacións ambientais para garantir un desenvolvemento sustentable e acorde cos obxectivos do Plan.

Ocupación do territorio

No ámbito do **solo urbano**, considérase que a ordenación proposta supón ampliar a configuración actual do núcleo de Ponte Carreira cara o oeste a longo da estrada DP-3802 promovendo a ocupación de terreos non edificadas, ocupados por parcelas agrícolas e desligados da malla urbana existente, en continuidade coa delimitación do núcleo rural de A Igrexa e o centro CEIP Ponte Carreira e que non responde á dinámica socioeconómica do Concello. Dita delimitación implica, ademais dun consumo de solo, un importante impacto paisaxístico, cuestión que tamén foi sinalada no informe do Instituto de Estudos do Territorio.

O PXOM non prevé ámbitos de solo urbanizable residencial a maiores da delimitación do solo urbano e de núcleo rural, cuxa proposta permitiría acoller 456 novas vivendas, dato que resulta significativo fronte a número de vivendas actual (1.161 vivendas familiares segundo datos do INE de 2011). Tendo en conta que o modelo de asentamentos no municipio de Frades caracterízase por unha elevada dispersión da edificación no solo rústico, considérase que a delimitación proposta do **solo de núcleo rural común** favorece unha ocupación do solo extensiva ao incluír terreos baleiros entre edificacións existentes ao longo das principais estradas, especialmente na contorna das estradas AC-524 e DP-3802 e DP-3801, provocando ámbitos edificables, aspecto indicado tamén polo Instituto de Estudo de Territorio no seu informe.

Entre os obxectivos do planeamento inclúese o de dotar ao Concello de solo industrial. No entanto, o PXOM non achega un estudo da demanda que permita xustificar a proposta de **solo urbanizable industrial**, mais alá da necesidade de regularizar actividades existentes e posibilitar a implantación de novas actividades no Concello. Atendendo á ampla superficie do sector S-02 (224.156 m²), considérase que o desenvolvemento do sector S-01 debería quedar condicionado á consolidación e esgotamento da capacidade do S-02, de cara a favorecer un uso racional do territorio, promovendo a ocupación de terreos antropizados fronte a novas ocupacións de solo natural, en coherencia co modelo de ocupación do solo das DOT.

Patrimonio natural

O PXOM integra na delimitación do **solo rústico de protección de espazos naturais** o espazo denominado "Río Tambre" incluído na Rede Natura 2000 e a proposta de ampliación asociada a dito espazo. Sinalar que na documentación se identifica dito espazo como LIC, o cal coa aprobación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, pasa a denominarse zona de especial conservación (ZEC).





Lémbrese que no ámbito da ZEC deberán atenderse ás determinacións que establece o **Plan director da Rede Natura 2000** aprobado polo citado Decreto 37/2014, do 27 de marzo, que ten natureza de plan de ordenación dos recursos naturais, considerando que o ámbito do espazo "Río Tambre" incluído no Concello correspóndese coa área de conservación (zona 2).

Os humidais recollidos no "Inventario de humidais de Galicia" atoparíanse en diferentes categorías de solo rústico de protección. A documentación inclúe un plano coa localización dos polígonos que albergan **hábitats de interese** pero non os identifica e tampouco establece ningunha consideración ao respecto, cuestión que xa se apuntaba no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

No tocante a outros valores naturais susceptibles de ser preservados a través do planeamento, o PXOM incorpora no seu Catálogo baixo a categoría "**elementos naturais**" varias fragas de interese ligadas a algunha igrexa ou aos campos de festa.

Segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, no ámbito do municipio atópase unha área de presenza do **sisón** (*Tetrax tetrax*), ave ameazada, incluída en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas. Segundo a cartografía consultada se solaparía co sector de solo urbanizable S-01, aspecto que non foi avaliado. Considérase necesario incluír na ficha urbanística deste sector a esixencia de levar a cabo un estudo da posible afección a este especie para establecer as medidas oportunas para evitar calquera afección que repercuta na súa conservación.

Paisaxe

O ISA inclúe un **estudo da paisaxe**, no que se describen as principais características do municipio, se ben non integra unha análise dos elementos de singular valor ou de interese, nin afonda nas características do solo urbano e contorna, cuestión que xa requiría o Instituto de Estudos do Territorio no seu informe.

En canto á **ordenación proposta**, a delimitación do solo de núcleo rural común supón unha afección á paisaxe ao permitir a ocupación pola edificación de terreos ao longo das principais estradas, estendéndose mais alá dos asentamentos tradicionais e provocando unha morfoloxía allea á característica, tal e como se indicou na variable ocupación do territorio.

Así mesmo, a pesar da escasa entidade urbana de Ponte Carreira, atendendo ás principais afeccións paisaxísticas detectadas, o Instituto de Estudos do Territorio realiza varias consideracións sobre a delimitación do solo urbano, as cales non se atopan convenientemente xustificadas na documentación achegada. Entre outras, establece que se deberá evitar ocupación de terreos agrícolas e libres de edificación separados do núcleo principal (ámbito cualificado como zona 3 na beira norte da estrada CP-3802) ou con condicións topográficas desfavorables como supón o triángulo cualificado como zona 3 ao sur do núcleo.

A Normativa do PXOM contempla condicións para a **integración paisaxística** nas ordenanzas reguladoras do solo urbano, da edificación en solo rústico de protección, do desenvolvemento dos plans de ordenación de núcleo rural ou dos urbanizables. Entre outras, establece que no solo urbano evitárase a aparición de partes sobresaíntes de sotos e semisotos sobre a rasante dos terreos na fachada cara o medio rural ou condicionárase a execución de obras nas parcelas lindadeiras co rego do Porto á realización dun estudo de detalle para ordenar os volumes resultantes para os terreos incluídos na ordenanza das zonas 1 e 2. Así mesmo, inclúese a esixencia de que os plans parciais que desenvolvan os solos urbanizables industriais, conterán un estudo de impacto e integración paisaxística.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.



de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

Patrimonio cultural

O PXOM inclúe o correspondente **Catálogo** que relaciona os elementos do patrimonio cultural do Concello e establece o seu réxime e contornas de protección que se reflicten nos planos de ordenación. Así mesmo, a Normativa urbanística inclúe as condicións de protección dos elementos catalogados e regula as condicións de execución das obras que poden afectar ao patrimonio.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural tras dous informes desfavorables nos que solicitaba levar a cabo varias correccións, principalmente sobre o contido do Catálogo ou da Normativa, informou favorablemente, solicitando a inclusión no documento definitivo dunhas pequenas modificacións relativas á protección do patrimonio arqueolóxico.

Ciclo hídrico

A ordenación proposta integra dentro do **solo rústico de protección de augas** as marxes dos ríos e regos do Concello e delimita o ámbito da zona de policía de canles nos planos de clasificación do solo, se ben non achega xustificación da redución nalgúns tramos da rede. Obsérvase que varias delimitacións de solo de núcleo rural, do solo urbano e do urbanizable industrial S-02 estarían afectadas pola zona de policía.

A Normativa do PXOM establece unhas especificacións relativas aos leitos, ribeiras e marxes e limitacións para as construcións no solo rústico de especial protección de augas (artigos 11.3.4 e 5),. Para os solos urbanizables propón destinar a 35% da superficie dos terreos sen impermeabilizar e promover o uso de pavimentos drenantes.

O **abastecemento de auga** á poboación realízase a través dunha rede de subministro que cobre grande parte do ámbito municipal, e no resto do territorio mediante pozos ou pequenos abastecementos. O Concello conta cunha ETAP conectada con dous depósitos que abastecen ás parroquias de Abellá, Mesos, Papucín, Galegos, Frades, Aiazo, Gafoi e Ledoira, que poderían abastecer a unha poboación equivalente de 6.500 habitantes. Tendo en conta a poboación das citadas parroquias Augas de Galicia estima que existe capacidade suficiente para triplicar a poboación servida.

O servizo **saneamento** abrangue as zonas de maior densidade de poboación (núcleo de Ponte Carreira e parroquia de Ledoira) mentres que o resto de vivendas dispoñen de sistemas de saneamento autónomos, mediante fosas sépticas unifamiliares. O PXOM prevé a ampliación da EDAR de Ponte Carreira ata os 1.200 habitantes equivalentes e a creación de dúas EDAR en Abellá e Ledoira adscritas ao desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable S-01 e S-02. Segundo isto, Augas de Galicia considera suficiente este servizo no solo urbano do Concello, así como a posibilidade de proxectar un sistema de fosas para as diferentes parroquias.

Para o desenvolvemento dos urbanizables, o planeamento contempla as reservas de solo para a localización das citadas EDAR, no entanto, na ficha urbanística do sector S-01 indícase que a EDAR con cargo a este será dimensionada para este ámbito e para as zonas da parroquia de Abellá, e na do sector S-02 condiciónase o desenvolvemento do saneamento deste sector á execución da substitución e mellora da EDAR de Ponte Carreira. Compre aclarar ditos aspectos, xa que entran en contradición co sinalado anteriormente.

Atmosfera e cambio climático

O PXOM inclúe os planos da **zonificación acústica** do municipio. No entanto, de acordo co sinalado no Anexo V do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro polo que se desenvolve a Lei 37/2005, do 17 de novembro, do ruído, as áreas delimitadas nas categorías de "uso terciario" ou "uso recreativo e de espectáculos" dentro do solo urbano ou de núcleo rural, deberían incluírse dentro da categoría de





"uso residencial", para tratar de evitar, no posible, a fragmentación excesiva do territorio co conseguinte incremento no número de transicións.

A **Normativa** do PXOM establece as determinacións relativas ás emisións acústicas (capítulo 4. Regulación dos niveis sonoros ambientais) e remite á futura redacción dunha ordenanza específica tras a aprobación do planeamento. No entanto, deberá axustarse ao establecido ao Real Decreto 1367/2007, no referente aos índices acústicos, os valores límite, a tipoloxía e definición das áreas acústicas, etc., sen prexuízo de que se podan establecer a través de ordenanza municipal valores máis restritivos.

Tendo en conta que os **ámbitos industriais S-01 e S-02** previstos lindan con asentamentos de poboación, deberá estudarse a súa compatibilidade, analizando as zonas de conflito entre o uso industrial e residencial, en coherencia co establecido no punto 2.d) do Anexo V do Real Decreto 1367/2007. Así, estableceranse as medidas adecuadas para garantir o cumprimento dos obxectivos correspondentes e evitar molestias á poboación e recollerase dita esixencia na ficha urbanística dos sectores.

Así mesmo, recollerase a esixencia de que os **crecementos próximos ás principais estradas**, deberán levar a cabo o estudo de determinación dos niveis sonoros esperables e a obrigatoriedade de establecer limitacións á edificabilidade, ou de dispoñer dos medios de protección acústica imprescindibles no caso de superarse os limiares recomendados de acordo á lexislación.

Mobilidade

O Concello estima suficiente a **rede viaria** existente. Os desenvolvementos industriais previstos localízanse xunto as principais vías de comunicación do municipio, a estrada nacional N-634 ou a autonómica AC-524. O PXOM contempla a reserva de terreos para a creación dos accesos coas citadas estradas, atendendo ao sinalado pola Demarcación de Estradas en Galicia ou a Axencia Galega de Infraestruturas.

Na liña de favorecer a integración da **mobilidade alternativa** no planeamento, no desenvolvemento dos solos industriais e das novas zonas verdes e espazos libres previstos, avaliarase a posibilidade de integrar medidas para favorecer o emprego de medios de transporte alternativos ao vehículos privado motorizado.

Enerxía

O Concello é atravesado por unha liña de alta tensión (220 KV Mesón do Vento-Portodemouros), que se integra no **solo rústico de protección de infraestruturas**. O solo urbanizable industrial S-02 é lindeiro co seu trazado, aspecto que deberá terse en conta na ordenación do ámbito.

O planeamento non achega unha análise da **capacidade dos servizos** existentes para absorber o aumento de demanda enerxética asociada ao desenvolvemento de solo industrial, nin analiza as posibilidades de conexión coas infraestruturas existentes, tal e como requiren as DOT na súa determinación 4.7.2.

A Normativa urbanística (artigo 7.2.10) contempla o emprego na iluminación pública de dispositivos de baixo consumo e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan, para reducir a contaminación lumínica.

Ciclo de materiais

O Concello de Frades está integrado no sistema de **xestión de residuos** urbanos de SOGAMA e está adherido ao programa de recollida de plásticos agrícolas da Xunta de Galicia.



O Plan alude á posibilidade de establecer un **punto limpo** de residuos urbanos e ademais, prevé a creación de puntos limpos en cada un dos ámbitos industriais propostos para a xestión dos residuos xerados. A Normativa inclúe determinacións en canto a xestión e tratamento dos residuos (artigos 4.36 e 4.3.7) remitindo á elaboración de plans de xestión de residuos urbanos ou derivados da actividade agrícola. Ademais, nas medidas do ISA, inclúese a esixencia de xestionar adecuadamente os residuos de obras e das actividades, así como elaborar un plan de xestión de residuos antes do inicio das obras.

Cómpre sinalar que recentemente foi executado un proxecto de punto limpo na parroquia de Céltigos, promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, restando unicamente a posta en servizo por parte do Concello.

CUESTIÓNS DE ÍNDOLE DOCUMENTAL

Co obxecto de acadar unha adecuada integridade documental do PXOM, sinálanse a continuación pequenos erros ou inconcrecións que deben corrixirse:

- Actualizar a referencia ao espazo da Rede Natura 2000, substituíndo LIC por ZEC.
- Hai varios equipamentos que veñen recollidos na cartografía pero non aparecen no listado da Memoria do PXOM. Concretamente os denominados SAL-06 e SCX-04 que se atopan no solo urbano de Ponte Carreira.
- Na Memoria do PXOM indica que o urbanizable S-01 ten como obxectivo é dotar ao Concello de Mesía dunha bolsa de solo industrial, e ao igual de respecto do S-02 alude a que está vencellado ao sector téxtil, estratéxico no concello que non se corresponde co diagnóstico realizado.
- Na Normativa do PXOM (artigo 11.3.4) alude a Lei de augas do 1985, a cal foi derogada polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.
- No artigo 4.4.5 da Normativa do PXOM establece que o Concello poderá requirir dun estudo de incidencia ambiental nos desenvolvementos e nas modificacións do plan. Isto non encaixa coa normativa de avaliación ambiental, xa que o estudo de incidencia ambiental é para actividades non sometidas a impacto ambiental e incluídas no anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Na valoración dos efectos do ISA alúdese a dous asentamentos residenciais programados (S-03 e S-04) que non forman parte da proposta do PXOM.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data 09 XAN. 2018
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez





DETERMINACIÓNS FINAIS

En coherencia cos principios da avaliación ambiental estratéxica e para favorecer unha adecuada integración dos aspectos ambientais no PXOM, deberán terse en conta as seguintes determinacións:

1. En coherencia co criterio de favorecer un uso racional do territorio, promovendo a ocupación de terreos antropizados fronte a nova ocupación de solo natural, **o desenvolvemento do sector de solo urbanizable industrial S-02 terá prioridade sobre o do urbanizable industrial S-01** e, en todo caso, para o seus desenvolvementos deberase realizar un estudo de demanda que xustifique a súa necesidade.
2. Deberá xustificarse a inclusión na **delimitación do solo urbano de Ponte Carreira** dos terreos situados ao longo da estrada DP-3802, desligados da malla urbana existente, así como do ámbito situado no extremo sur do núcleo (incluído na zona 3) que presenta unhas condicións topográficas desfavorables debido á forte pendente do terreo, atendendo ao sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio no informe emitido.
3. Incorporarase na ficha urbanística a esixencia de realizar un estudo da posible **incidencia do desenvolvemento do sector de solo urbanizable S-01 sobre o sisón (Tetrax tetrax)**, especie incluída no Catálogo galego de especies ameazadas, presente no Concello segundo a información da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
4. Para favorecer a **integración acústica dos desenvolvementos industriais** previstos (S-01 e S-02), incluírse nas correspondentes fichas urbanísticas a esixencia de que o plan parcial incorpore unha análise da situación acústica prevista e da compatibilidade da ordenación cos usos residenciais lindeiros, de cara a establecer as medidas axeitadas garantir o cumprimento dos obxectivos acústicos.
5. Revisaranse os **mapas zonificación acústica** de acordo co indicado na variable atmosfera e incluírse na Normativa do PXOM os **obxectivos de calidade acústica** para as áreas acústicas delimitadas, de acordo co establecido no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, que a desenvolve a Lei 37/2005, do 17 de novembro, do ruído.

MEDIDAS DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

Segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o Concello ten a responsabilidade de realizar o seguimento dos efectos no ambiente resultantes da aplicación e execución do PXOM.

O plan de seguimento ten como obxectivo identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas axeitadas para poder evitalos. Asemade serve para verificar o grado de consecución dos obxectivos propostos polo Plan e o respecto ao medio na execución do planeamento de desenvolvemento.

De conformidade co anterior, o ISA inclúe un plan de seguimento ambiental baseado nun sistema de indicadores cuxos resultados deberán remitirse ao órgano ambiental cada cinco anos coincidindo coa programación do Plan por quinquenios. Ademais ao longo da vixencia do Plan, deberá analizarse o grado de execución da urbanización e consolidación da edificación do solo urbano e urbanizable, adecuando os novos desenvolvemento ás necesidades reais da demanda.

Respecto á redacción dos informes de seguimento, e co fin de facilitar a participación do órgano ambiental, recoméndase establecer unha estrutura que permita a súa comparativa ano tras ano. En canto ao seu contido, sería conveniente que inclúan un breve resumo da situación urbanística respecto á programación prevista e unha análise de indicadores na que se avalie o grao de

DILIXENCIA. Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero



cumprimento dos obxectivos do Plan e se valoren as medidas propostas, así como a necesidade de aplicar outras novas. Ademais, expóranse as conclusións xerais sobre o proceso levado a cabo, as dificultades xurdidas nel e a sustentabilidade do Plan.

PROPOSTA

Tendo en conta o sinalado nos apartados anteriores, para considerar que o *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Frades* é ambientalmente viable deberá incorporar as determinacións establecidas nesta memoria ambiental.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

O subdirector xeral de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa de servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO considerar ambientalmente viable o *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Frades* sempre que incorpore as determinacións establecidas nesta memoria ambiental.

Formulo esta memoria ambiental en cumprimento do disposto no 12 artigo da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e ao abeiro das competencias que me atribúe o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (www.cmat.xunta.es). Remítirase ao Concello de Frades para que a teña en consideración antes da aprobación provisional do Plan xeral de ordenación municipal.

Previa aprobación definitiva do Plan, o Concello deberá elaborar un informe sobre a integración dos aspectos expostos na Memoria ambiental. Este informe o remitirá, xunto coa documentación completa do PXOM, ao órgano substantivo competente para a aprobación definitiva, quen velará pola adecuada incorporación ao Plan das determinacións desta memoria ambiental, segundo se indica no artigo 85.7 da LOUG.

Segundo o disposto no artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, unha vez aprobado o PXOM definitivamente, o Concello de Frades remitirá a esta Secretaría Xeral (sen prexuízo da posta a disposición das Administracións públicas afectadas e do público) a seguinte documentación en soporte dixital:





- A. PXOM aprobado.
- B. Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
- De que modo foron integrados no PXOM os aspectos ambientais.
 - Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
 - As razóns da elección do PXOM aprobado, en relación coas alternativas consideradas.
- C. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.
- D. Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos puntos B e C.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2016

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



ANEXO I: RESUMO DAS CONSULTAS REALIZADAS NA FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PXOM

Administracións públicas. Organismos	Resposta	Sentido	
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (agora Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Consellería de Infraestruturas e Vivenda)	Dirección Xeral de Conservación da Natureza	21.03.2013	Observacións
	Augas de Galicia	11.09.2012	Favorable con observacións
	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	13.09.2012	Observacións
	Instituto de Estudos do Territorio	15.05.2014	Observacións
	Axencia Galega de Infraestruturas	03.10.2012 19.11.2014	Favorable
	Dirección Xeral de Mobilidade	--	--
Consellería de Economía e Industria (agora Consellería de Economía, Emprego e Industria)	Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (agora Dirección Xeral de Enerxía e Minas)	06.08.2012	Información
	Secretaría Xeral Técnica	--	--
	Dirección Xeral de Comercio	06.08.2012	Sen observacións
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	02.05.2013 18.06.2015 18.12.2015	Desfavorable Desfavorable Favorable condicionado
	Secretaría Xeral Técnica	--	--
	Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos	--	--
Consellería do Medio Rural e do Mar (agora Consellería do Medio Rural)	Dirección Xeral de Montes (agora Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal)	--	--
	Servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais	--	--
	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias	--	--
Consellería de Sanidade	Secretaría Xeral Técnica	--	--
Consellería de Traballo e Benestar Social (agora Consellería de Política Social)	Secretaría Xeral Técnica	--	--
Consellería de Facenda	Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio	23.07.2012	Sen observacións





Administracións públicas. Organismos	Resposta	Sentido	
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Secretaría Xeral Técnica	--	
	Dirección Xeral de Administración Local	--	
	Secretaría Xeral para o Deporte	--	
Delegación do Goberno en Galicia	--	--	
Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente	Gabinete técnico da Subsecretaría	17.07.2012	Sen observacións
Ministerio de Fomento	Demarcación de Estradas do Estado en Galicia	21.08.2012	Favorable condicionado
Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo	Secretaría de Estado de Telecomunicacións	06.09.2012	Observacións
Ministerio de Defensa	Subdelegación de Defensa A Coruña	17.07.2012	Sen observacións
Deputación provincial de A Coruña	--	--	--
Concello de Ordes	--	26.07.2012	Observacións
Concello de Mesía	--	02.08.2012	Observacións
Concellos de Oroso, O Pino, Arzúa e Boimorto	--	--	--

Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Informa da existencia no Concello do espazo incluído na Rede Natura 2000, o LIC Río Tambre, e de varios humidais do "Inventario de humidais de Galicia", que quedarían integrados en diferentes categorías de solo rústico protexido. Identifica os hábitats de interese comunitario presentes, a flora de interese inventariada no Sistema de información territorial de biodiversidade (Siteb), *Spahgnum pylaesii* e *Isoetes fluitans*, se ben sinala que, segundo a información mais detallada ditas especies non se localizarían dentro dos límites do concello. Tamén aporta un listado coas especies de fauna, entre as que se inclúen varias ameazadas.

Solicita a integración das seguintes cuestións:

- Modificar e integrar no plan ou no seu desenvolvemento a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 asociada ao LIC "Río Tambre" integrándoo no solo rústico de protección de espazos naturais.
- Comprobar que os hábitats situados fóra da Rede Natura 2000 queden incluídos dentro dalgunha clasificación que evite ou seu deterioro, incorporando un plano coa súa delimitación e definir, ao menos para os prioritarios, as condicións correspondentes para a súa protección.
- En relación coas especies protexidas, considerar e conservar o *Tetrax tetrax* incluído no Catálogo galego de especies ameazadas e que se localiza no concello na área identificada na cartografía que se xunta.
- A parte das anteriores consideracións, informará ou de ser o caso, autorizará, as actuacións que poidan afectar aos valores naturais (espazos naturais protexidos, ás especies catalogadas, cursos fluviais ou hábitats de interese comunitario).



Augas de Galicia

Sinala que, segundo a Memoria do PXOM, o Concello conta cunha rede de abastecemento de auga que cobre grande parte do ámbito municipal, mentres que no resto do territorio a través de pozos ou pequenos abastecementos. Existe unha ETAP que recolle auga do río Tambre conecta con dous depósitos que abastecen ás parroquias de Abellá, Mesos, Papucín, Galegos, Frades, Aiazo, Gafoi e Ledoira, que segundo indica a documentación a capacidade podería abastecer a unha poboación equivalente a 6.500 habitantes (200 l/h/día), estimándose suficiente a capacidade da rede para triplicar a poboación servida.

Por razóns topográficas e espallamento dos núcleos de poboación, o servizo saneamento abrangue as zonas de maior densidade de poboación (núcleo de Ponte Carreira e parroquia de Ledoira), mentres que o resto de vivendas dispoñen de sistemas de saneamento autónomos, mediante fosas sépticas unifamiliares. En maio de 2010 foi aprobado un proxecto¹ para a colocación de colectores xerais e EDAR en Ponte Carreira para dotar ao núcleo de novos colectores e unha EDAR con capacidade para 400 habitantes equivalentes (HE), ampliable a 200 mais, así como un edificio de tratamento de fangos por centrifugación para a poboación total do Concello (2900 HE). Con estes datos, cumprese a suficiencia de saneamento no núcleo urbano, así como a posibilidade de proxectar un sistema de fosas para as diferentes parroquias do Concello.

O PXOM prevé a ampliación da EDAR de Ponte Carreira ata os 1.200 habitantes equivalentes e a creación de dúas EDAR en Abellá e Ledoira adscritas ao desenvolvemento dos sectores S-01 e S-02.

Describe a rede hidrográfica e establécense unha serie de consideración a ter en conta respecto para a súa protección. Considera, en liñas xerais, que o planeamento é axeitado, sempre que se teñan en conta as observacións realizadas e se integren na normativa limitacións coa prohibición da execución de obras na zona de servidume (incluíndo peches) en todo tipo de solos ou nunha banda duns 15 m de cada marxe para solo non urbano e ríos codificados e que as construcións que pola súa singularidade precisen de establecerse nestas zonas, necesitarán autorización previa da administración hidráulica.

Lembra que este informe implicará a non obrigatoriedade de autorización previa deste organismo unicamente para as construcións en zona de policía de leitos, segundo o establecido no artigo 78 do Regulamento de dominio público hidráulico, recollidas as prescricións sinaladas.

Conclúe que informa favorablemente ao PXOM, condicionado á comprobación da integración das observacións na documentación definitiva.

Instituto de Estudos do Territorio. Solicita completar o estudo da paisaxe, revisar a análise de efectos, as medidas preventivas e correctoras e a ordenación urbanística, de acordo ás seguintes consideracións:

- Detallar na análise da paisaxe as características da paisaxe agropecuaria (estrutura, textura, elementos compositivos como o parcelario, peches, etc.), identificar os elementos de singular interese ou valor tendo en conta a existencia de varias carballeiras asociadas a capelas, rutas de sendeirismo, etc.), xustificar a delimitación da cunca visual reflectida no plano de intervisibilidade ou incluír un estudo da paisaxe urbana (tipoloxía de edificacións, paredes medianeiras á vista, peches, pavimentos, etc. determinantes das calidade dos espazos

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 09 XAN. 2018
A xefa de servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plena celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero

¹ Dito proxecto foi executado e finalizáronse as obras en 2014 segundo a información da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.





públicos e límites exteriores do núcleo urbano). Describir as medidas preventivas e no seu caso, correctoras para evitar ou mitigar os impactos sobre a paisaxe e que deberán ser considerados na ordenación.

- Respecto da ordenación do solo rústico sinala que se ben a normativa integra as consideracións xerais da LOUG, o PXOM debería establecer as normas e medidas de protección específicas para a asegurar a preservación dos valores propios do medio rural baseadas no estudo da paisaxe realizado, concretado na normativa as condicións de integración paisaxística dos usos e construcións que se poden implantar en solo rústico, considerando diferentes cuestións relativas aos emprazamentos, solucións construtivas ou materiais, elección de especies vexetais.
- O tratamento normativo dos núcleos rurais responde, en termos xerais, coas características do modelo tradicional de asentamento da poboación, porén a delimitación de diversos núcleos rurais esténdese notablemente máis alá das aldeas tradicionais citados no informe previo á aprobación inicial emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), provocando un efecto negativo sobre a paisaxe que cómpre solucionar. Debería establecerse a obriga dos plans especial de ordenación de núcleo rural de que realicen un estudo da morfoloxía e características básicas do núcleo.
- Na área urbana de Ponte Carreira evitárase que as mazás cualificadas como zona 1 rematen directamente contra o solo rústico, previndo un retranqueo e a formación de fachada, ou que os trazados de rúas rematen bruscamente contra o solo rústico e estudáranse solucións ao problema de imaxe urbana na contorna do ZVL-06.

En canto á delimitación, considera que o triángulo da zona 3 ao sur de Ponte Carreira supón un impacto paisaxístico que debe evitarse ao igual que o ámbito da ordenanza da zona 3, á beira norte da estrada CP-3802, que abrangue un conxunto de parcelas netamente agrarias, e que conforma unha separación visual e estrutural entre Ponte Carreira e o núcleo rural de A Igrexa, sen prexuízo de que o traxecto peonil entre ditos ámbitos mereza unha especial atención de deseño.

Deberá evitarse a aparición de partes sobresaíntes de sotos ou semisotos sobre a rasantes dos terreos nas fachadas cara o medio rural e coidar as características construtivas dos elementos dos espazos libres da parcela.

- Os plans parciais dos sectores S-01 e S-02 deberían incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística que analice a visibilidade e a incidencia das actuacións e establece as medidas necesarias, tendo en conta aspectos como: o establecemento de zonas verdes, estudo cromático das naves ou a previsión de pantallas vexetais, especialmente no caso do S-01 debido a súa proximidade ao núcleo rural de Abella.

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Emite un primeiro informe desfavorable no que se solicita realizar cambios no Catálogo, incluíndo, entre outras, determinacións para a conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación dos elementos, na normativa do PXOM respecto dos niveis de protección ou das condicións especiais do réxime de obras nos elementos arquitectónicos e etnográficos catalogados. No referente á incidencia da ordenación solicita delimitar a contorna de protección do campo da festa de Ponte Carreira ou reducir o ámbito de aplicación da ordenanza de núcleo común dos terreos lindeiros con algúns bens relixiosos catalogados (AR-06, AR-09 e AR-10) e considera que os solos urbanizables non teñen incidencia sobre a contorna de elementos catalogados. Respecto do patrimonio arqueolóxico alude á necesidade de que as actuacións nas áreas de protección deberán contar coa autorización previa da Consellería de Cultura e non so as



que impliquen afección ao subsolo ou require da xustificación da redución da área de protección integral de dous xacementos (GA15038017 e GA15038035). Emite un segundo informe, con carácter desfavorable e solicita de novo correccións na documentación do PXOM. Tras analizar a integración dos anteriores informes no novo documento remitido polo Concello, informa favorablemente condicionado á incorporación dunhas pequenas modificacións respecto do patrimonio arqueolóxico (incluír nas fichas de todas as igrexas unhas cautela ou nos bens etnográficos, a referencia ao artigo 66 da LPCG, para a súa aplicación nos casos que proceda).

Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Informa favorablemente se ben solicita a inclusión na ficha do sector urbanizable S-01 de que o acceso á estrada autonómica AC-524 realízase mellorando o cruce existente e reservando o espazo necesario. Posteriormente o Concello solicita informe sobre a documentación adaptada á Lei 8/2013, de estradas de Galicia, ao que a AXI informa de novo favorablemente.

Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Informa favorablemente condicionado a que se inclúa no sector de solo urbanizable S-02 terreos da marxe esquerda da N-634 para permitir construír o enlace, clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos entre aliñacións da N-634 en solo urbano, e introducir unhas consideracións na normativa.

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Informa dos dereitos mineiros existentes no municipio, entre os que se atopan 6 outorgados e 4 solicitados.

Dirección Xeral do Comercio. Considera que non procede realizar ningunha observación en relación á lei de comercio dado que se trata dun municipio rural.

Consellería de Facenda. Informa da inexistencia de afeccións significativas ás propiedades autonómicas.

Ministerio de Medio Ambiente, Alimentación e Medio Ambiente. O Gabinete técnico da Subsecretaría informa que traslada o documento á Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.

Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información. Solicita a adecuación do PXOM á lexislación vixente en materia de infraestruturas de telecomunicacións.

Ministerio de Defensa. Subdelegación de Defensa A Coruña. Informa de que non ten ningún ben da súa titularidade no Concello.

Concello de Mesía e Ordes. Achegan consideracións sobre o límite do municipio.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data 09 XAN. 2018
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades:

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o
presente documento forma parte do PXOM
de Frades, aprobado provisionalmente por
este Concello en Sesión Plenaria celebrada
o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Carmen Gómez Otero
Asdo.: Carmen Gómez Otero.

**ANEXO I DA MEMORIA AMBIENTAL: INFORME DE INTEGRACIÓN DAS
DETERMINACIÓN DAS MEMORIA AMBIENTAL.**



INFORME DE INTEGRACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DA MEMORIA AMBIENTAL

Por resolución de 28 de xaneiro de 2016 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a memoria ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades.

Esta memoria recolle unha serie de determinacións que deberán recollese no PXOM, ben no ISA, ben na memoria ou ben na normativa e as súas ficha de xestión.

Co presente informe pretende indicarse cómo foron incorporadas esas determinacións dos diferentes documentos do PXOM.

O informe realízase seguindo o mesmo esquema que figura na memoria ambiental do PXOM de Frades.

Respecto do informe de conservación da natureza:

Indícase que ningún dos núcleos rurais delimitados invade terreos que estean ocupados por hábitats prioritarios e a súa totalidade se clasifica como solo rústico de protección de espazos naturais ou de augas. (modifícanse os apartados 4.7.3.2. e 5.3.2.)

A tal efecto os cursos fluviais, libres de edificación, son o mellor elemento para garantir a conectividade ecolóxica do territorio.

Polo que respecta á conservación das especies sinaladas, xa que unha delas coincide co solo urbanizable, imponse na ficha de desenvolvemento deste, a realización dos pertinentes estudos que determinen a súa presenza, e de detectarse que se tomen as correspondentes medidas correctoras.

Respecto do Informe de Sudentabilidade Ambiental (ISA)

Incorpórase ó apartado 4.7.2. do ISA a información facilitada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza no seu informe.

A consideración a outros instrumentos con interacción no PXOM realízase no apartado 11.1.3. do ISA.

A xustificación da necesidade de desenvolvementos realízase no apartado 7.1. do ISA. Aínda así afóndase máis na xustificación da súa clasificación.

No apartado 7.2. do ISA inclúense as modificacións derivadas do cumprimento do disposto no informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Corríxese o ISA nas referencias a outros concellos, ós sectores de solo urbanizable S-03 e S-04 e actualízase a normativa ambiental.

Respecto da ocupación do territorio

Condiciónase o desenvolvemento do sector S-01 á consolidación e esgotamento do sector S-02. Este extremo plásmase na ficha do solo urbanizable correspondente así como na estratexia de actuación.

Respecto do patrimonio natural

Procede modificar a memoria e o ISA para recoller a nova denominación do LIC como ZEC.

Procede modificar o ISA para identificar os hábitats de interese, aportando o plano de información urbanística correspondente e indicando que todos os hábitats prioritarios se atopan clasificados como solo rústico de especial protección de espazos naturais ou de augas. Ningún núcleo rural invade terreos nos que existe presenza de hábitats prioritarios.

Inclúese na ficha de desenvolvemento do sector S-01 a obrigatoriedade de levar a cabo un estudo da posible afección do desenvolvemento á especie "Tetrax Tetrax", presente nas inmediacións do ámbito, para establecer as medidas oportunas para evitar calquera afección que repercuta sobre a súa conservación.

Paisaxe

No ISA xa se aclara que "Dada a citada homoxeneidade xeográfica e morfolóxica do terreo (baixo rango das pendentes), así como a ausencia de fitos visuais, só se identifica unha única unidade visual", é dicir, non se atopan elementos de singular valor ou interese máis alá dos puntuais elementos arquitectónicos e etnográficos recollidos no catálogo.

Por outra lado complétase o apartado do ISA relativo á paisaxe urbanizada coa análise do núcleo de Pontecarreira.

Polo que respecta ó triángulo cualificado como zona 3 ó sur do núcleo compre indicar que se prevé unha ordenanza de vivenda unifamiliar illada ou pareada, a cal, como se pode apreciar na ordenanza, non está suxeita a posición na parcela. Tendo en conta esta cuestión se entende que o posible impacto paisaxístico pode resultar mitigado polo propio proxecto arquitectónico, empregando medidas de adaptación topográfica, emprego de materiais, volumetría, etc.

Idéntico razoamento se pode realizar para a zona de terreos con ordenanza zona 3 na beira da estrada CP-3802, ó tratarse da mesma ordenanza.

Aínda así, e de cara a xustificar o disposto no informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio procede incorporar na normativa, na ordenanza correspondente á zona 3, condicións de integración paisaxística que garantan os extremos antes indicados.

Ciclo hídrico

Modifícase a ficha de desenvolvemento do S-02 para indicar a necesidade de executar unha nova EDAR con cargo a este sector.

Atmosfera e cambio climático

XUNTA DE GALICIA

Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017. Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



Modifícase o plano de zonificación acústica considerando englobados dentro do uso residencial os de terciario e recreativo ubicados dentro de zonas residenciais.

Modifícase a normativa para axustala ó disposto no RD 1367/2007.

Modifícanse as fichas dos desenvolvementos S-01 e S-02 para incluír a esixencia de realizar un estudo, de acordo co preceptuado no anexo V do RD 1367/2007, de cara a garantir o cumprimento dos obxectivos acústicos correspondentes, evitando molestias á poboación e establecendo a execución das medidas necesarias, para garantir tales obxectivos, con cargo ó desenvolvemento do ámbito.

Polo que se refire ós estudos que é necesario levar a cabo nos crecementos próximos ás principais estradas compre indicar que a determinación sinalada na Memoria Ambiental xa se atopa recollida no artigo 3.6.5. da normativa do PXOM referente ó sistema xeral viario.

Mobilidade

A variable mobilidade é analizada no punto 5.3.9. do ISA aclarando a imposibilidade de prever medias no PXOM, polas dificultades que, no rural, presenta realizar unha rede de transporte público.

Enerxía

Procede incorporar á ficha de desenvolvemento condicións que reduzan as afeccións da liña de alta tensión ás persoas que poidan ocupar o futuro solo industrial.

No que respecta á capacidade dos servizos existentes o PXOM xa realiza en diferentes apartados da memoria unha análise das capacidades das redes de abastecemento de auga e saneamento.

Polo que respecta á suficiencia das redes eléctricas, procede incorporar ó apartado 3.3.1.6. da memoria, a xustificación das necesidades a solicitar ó titular desta rede. A suficiencia deste servizo virá marcada polo que determine o titular das liñas eléctricas no momento no que se proceda ó desenvolvemento do solo. A este respecto compre lembrar que ó tratarse dunha actividade privada regulada, na que o concello carece das máis mínimas competencias, non se pode ter certeza de que, aínda que o servizo sexa suficiente a día de hoxe, tamén vaia a selo no momento que se realice o desenvolvemento do sector.

Enerxía

Actualízanse as referencias na memoria e no ISA ó respecto da existencia dun punto limpo en Frades, na parroquia de Céltigos.

Cuestións de índole documental

Substitúense todas as referencias ós L.I.C. polos Z.E.C.

Inclúese na memoria as referencias ós dotacionais SAL-06 e SCX-04.

Modifícanse na memoria os obxectivos dos solos urbanizables S-01 e S-02.

Substitúese a referencia á lei de Augas derogada pola vixente.

Modifícase a esixencia de estudo de incidencia ambiental adaptándoo ó prescrito na lexislación vixente.

Elimínanse do ISA as referencias a dous solos urbanizables residenciais S-03 e S-04

Determinacións finais

1.- Priorízase o desenvolvemento do sector S-02 sobre o S-01, extremo que quedou plasmado na focha de desenvolvemento destes ámbitos.

2.- Xustifícase a clasificación da inclusión dentro da delimitación do solo urbano de Ponte Carreira dos terreos situado ó longo da estrada DP-3802 así como da parcela triangular situada no extremo sur do núcleo, ambas zonas en ordenanza zona 3. Por outra banda impóñense condicións de integración paisaxística a estes ámbitos.

3.- Incorporouse á ficha de desenvolvemento do sector S-01 a obrigatoriedade de realizar un estudo da posible incidencia do desenvolvemento do sector sobre o sisón común (tetrax tetrax)

4.- Inclúese na ficha de desenvolvemento dos sectores S-01 e S-02 a esixencia de que o plan parcial incorpore unha análise da situación acústica prevista e da compatibilidade da ordenación cos usos residenciais lindeiros, de cara a incorporar as medidas axeitadas para garantir o cumprimento dos obxectivos acústicos.

5.- Revisanse a adaptanse os planos de zonificación acústica e a normativa referente a esta cuestión, para adaptalos ó prescrito no RD 1367/2007.



Por Estudio Técnico Gallego S.A.

Isidro López Yáñez

Arquitecto do equipo redactor do PXOM de Frades

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero

